



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Didáctica da expresión plástica		Código	652G01027
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Mesías Lema, José María	Correo electrónico	jose.mesias@udc.es	
Profesorado	Díaz Seoane, Ángeles Mesías Lema, José María	Correo electrónico	a.dseoane@udc.es jose.mesias@udc.es	
Web				
Descripción xeral	El propósito de cualquier proyecto formativo, así como la exposición de esta asignatura, debe involucrar a los estudiantes en un proceso de aprendizaje personal que trascienda los créditos de la asignatura, proporcionándoles una estructura metodológica que les permita desarrollar su futura profesión de forma creativa como docentes.			
Plan de continxencia	<p>1. Non haberá modificación nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>- Lecturas</p> <p>- Investigación (Proyecto de investigación): proyectos artísticos.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>- Saídas de campo</p> <p>- Obradoiro</p> <p>Ambas serán sustituidas por trabajos personales a través das plataformas virtuais da UDC</p> <p>3. A supervisión por parte do equipo docente para a atención personalizada ao alumnado realizarase a través das plataformas facilitadas pola UDC así como mediante o correo electrónico oficial.</p> <p>4. Modificaciones na avaliação</p> <p>Manteranse as dúas modalidades de ASISTENTES e NON ASISTENTES, recollidas ata o momento de continxencia.</p> <p>Para o alumnado asistente, as entregas pasarán a realizarse a través das plataformas virtuais da UDC. O exame final para o alumnado non asistente realizarase tamén a través das plataformas virtuais proporcionadas pola universidade.</p> <p>5. Non hai cambios nas fuentes de información para consulta.</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------



Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.	A53	
Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos	A55	
Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.	A56	
Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	A57	
Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.	A58	
Aprender a aprender.	B1	
Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.	B22	
Utilización das TIC no ámbito de estudio e do contexto profesional.	B25	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida		C3
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		C8

Contidos		
Temas	Subtemas	
A EDUCACIÓN DAS ARTES VISUAIS COMO OBXECTO DE ESTUDO.	Concepto interdisciplinar da Educación Artística. Perspectiva histórica da Educación Artística. Teorías da evolución artística en E. Infantil. Teorías do ensino da arte. Procesos de aprendizaxe artístico en Infantil. Campos de aprendizaxe: productivo, critico e cultural. Elementos da linguaxe visual. Descubrimiento e investigación bidimensional e tridimensional de materiais e técnicas en Educación Artística: pintura, video, performance, fotografía, debuxo, novas tecnoloxías, etc.	
ARTE CONTEMPORÁNEA E CULTURA VISUAL COMO DETONANTE DA EDUCACIÓN ARTÍSTICA.	.Arte contemporánea e cultura visual. Estética relacional e cultura visual na etapa da E. Infantil. Instalacións, net-art, video-art, performance, etc. Posmodernidade na arte contemporánea e na educación. Museos e artistas. Departamentos de Educación dos museos. Obradoiros artísticos nos museos.	
O CURRÍCULO ARTÍSTICO BASEADO EN PROXECTOS EN AULAS DE INFANTIL.	Curriculo de E. Infantil. Metodoloxía a/r/tography e de laboratorio experimental. Exemplificación de proxectos artográficos. Elaboración dun proxecto grupal nun aula real de infantil	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A53 A55 A56 A57 A58 B1 B22 B25 C3 C7 C8	1	10	11
Saídas de campo	B1 B22 C3	1	6	7
Investigación (Proxecto de investigación)	A53 A56	20	7	27
Obradoiro	C3 C7 C8	20	76	96
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Lecturas facilitadas polo equipo docente.
Saídas de campo	Visitas a museos e centros de arte da cidade
Investigación (Proxecto de investigación)	PROXECTOS ARTÍSTICOS
Obradoiro	Dinámicas de laboratorio de artista.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Investigación (Proxecto de investigación)	É moi importante consultar co profesor, AO LONGO DA MATERIA (non o final), os avances e fracasos que se vaian producindo na realización e execución de cada un dos proxectos. Esto ten a finbalidade de axudar ao alumno a superación dos proxectos con calidade e garantías de éxito. Esto faráse no horario de titorias do profesor sen previa cita.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	A53 A56	Entregaranse os proxectos artísticos en prazo e forma determinado polo equipo docente.	90
Lecturas	A53 A55 A56 A57 A58 B1 B22 B25 C3 C7 C8	Valórarse a participación activa e debate dos argumentos durante toda a materia.	10

Observacións avaliación
Sen dúbida, existen infinitade de formas e maneiras de avaliar, tantas como metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Nesta guía docente plantexouse a educación como un proceso artístico, polo que a avaliação que aquí se plantexa, coherentemente, mana desde esta perspectiva. Deste xeito, tal e como plantexa Eisner (1995: 188), "a avaliação é unha ferramenta educativa mediante a cal pode exercerse a intelixencia profesional en beneficio dos estudiantes". Isto ven a demostrar que avaliar é cuestión de dous implicados: estudiantes e o profesor, polo que os criterios deben ser reflexionados e acordados en grupo. Ademáis, en ocasións se lles pedirá ao alumnado que elaboren autoavaliaciós, mediante reflexións persoais e críticas dos procesos que experimentaron empregando a bibliografía facilitada polo profesor.
Como se pode intuir, esta materia implica un compromiso forte do estudiante co seu propio proceso de aprendizaxe artístico. Deste xeito a asistencia a clase resulta necesaria, non como unha obriga -que tamén o é no espazo europeo de educación superior-, dado que os procesos viviranse na propia aula e o transcurso da materia irase construindo entre todos. A asistencia non é un formalismo, senón que se exixe a participación activa e Crítica do alumno dentro da aula. Tendo en conta esto, como criterios de calificación, haberá que aprobar todos os proxectos por separado para superar a materia. Na calificación final, a parte da nota media obtida nos tres proxectos, de maneira cualitativa terase MOI EN CONTA o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexisencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudiante ao longo do curso. Cando un proxecto sexa calificado cun 4.5, o alumno/a poderá superar a materia se os outros proxectos están aprobados, pero a nota máxima será de 6, independemente das calificacións dos proxectos superados. Os proxectos entréganse na data, lugar e hora do calendario oficial de exames.
O alumnado NON presencial terá dereito a un exame teórico-práctico (NON realizará ningún proxecto), que versará sobre a bibliografía dos contidos. Para resolver esa proba o alumno/a conta coa bibliografía existente nesta guía docente e o profesor facilitará unha selección da mesma que será obxecto do exame. A proba será valorada de 0 a 10.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Acaso, M. (2009). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA NO SON MANUALIDADES. Madrid: Catarata- Agra, M.J (1999). O ESPAZO DA ARTE NA EDUCACIÓN. Santiago de Compostela: USC.- Agra, M.J (2003). LA FORMACIÓN ARTÍSTICA Y SUS LUGARES. Educación Artística, Revista de Investigación.- Agra, M.J (2007). LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA EN LA ESCUELA. Barcelona: Graó- Calaf, R. y Fontal, O. (2010). CÓMO ENSEÑAR ARTE EN LA ESCUELA. Madrid: Síntesis- Efland, Freedman & Stuhr (2003). LA EDUCACIÓN EN EL ARTE POSMODERNO. Barcelona: Paidós- Eisner, E. (1995). EDUCAR LA VISIÓN ARTÍSTICA. Barcelona: Paidós- Eisner, E. (2004). EL ARTE Y LA CREACIÓN DE LA MENTE. Barcelona: Paidós- Huerta, R. (2001). ESPIRITU DE TRASATLÁNTICO, CONDICIÓN DE PATERA. Revista Aula, nº 106.- López, S. (2018). ESENCIA. DISEÑO DE ESPACIOS EDUCATIVOS. Madrid: Ediciones Khaf- Marín Viadel, R. (2003). DIDÁCTICA DE LA EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Pearson Education- Marín Viadel, R. (2000). DIDÁCTICA DE LA EXPRESIÓN PLÁSTICA O EDUCACIÓN ARTÍSTICA. Madrid: Síntesis- Mesias, J.M. (2029). EDUCACIÓN ARTÍSTICA SENSIBLE. Barcelona: Graó- Mirzoeff, N. (2003). INTRODUCCIÓN A LA CULTURA VISUAL. Barcelona: Paidós- Vecchi, V. (2013). ARTE Y CREATIVIDAD EN REGGIO EMILIA. Madrid: Morata- VVAA (2019). ATRAVESAR FRONTERAS. Madrid: Morata- VVAA (2019). EL APRENDIZAJE POR PROYECTOS EN EDUCACIÓN INFANTIL Y PRIMARIA. Madrid: Morata
Bibliografía complementaria	"Educación artística, plástica y visual" de Juanola y Barragán. Editorial Praxis. Barcelona, 1999 "Arte y percepción visual" de Arnheim. Editorial Paidós. Barcelona, 1983 "Consideraciones sobre la educación artística" de Arnheim. Editorial Paidós. Barcelona

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase o emprego de linguaxe inclusivo na realización dos traballos e propostas na aula, así como un esforzo extra na hora de búsqueda de referentes. Daranse claves dende a aula para poder realizarlo. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías